

## **BASES PARA A PROVISIÓN DE UNHA (1) PRAZA DE ASESOR/A PSICOLÓXICO/A PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN A MULLER (CIM) DO CONCELLO DE MUIÑOS.**

### **1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA**

Estas bases teñen por obxecto, a contratación temporal polo sistema de concurso-oposición, dun/dunha asesor/a psicolóxico/a para o CIM do Concello de Muíños.

Esta contratación realizarase para dar continuidade á prestación dos servizos do centro de información á muller (CIM) de titularidade municipal, acreditado segundo o establecido no DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento (DOG núm. 188 do luns 3 de outubro de 2016).

### **2.-TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO**

O contrato que se subscribirá é un **contrato laboral de duración determinada de substitución para a cobertura dun posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo** que regula o artigo 15.3 parágrafo 3 do Estatuto dos traballadores, aprobado por RD-lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, modificado polo RD-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Mentras dura dito proceso de selección é preciso proceder a unha contratación laboral temporal interina (na modalidade de contrato laboral de duración determinada de substitución para a cobertura de posto de traballo durante o proceso de selección), pois se cumpre o artigo 20 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (prorrogado), xa que a contratación que se pretende se trata dun caso excepcional para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que afectan ó funcionamento do Centro de Información á Muller, xa que é preciso dotar urxentemente a este servizo da praza de asesor/a psicolóxico/a e poder así prestar os seus cometidos fundamentais (atención psicolóxica).



Nesta línea a D.A. 4ª parágrafo 3º do Real Decreto Lei 32/2021 sinala que, **en relación ó sector público, “Iguamente se poderán suscribir contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, (...)”.**

Para afrontar o presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente Presuposto de Gastos,(prorrogado).

As funcións do posto de traballo e que deberá realizar a persoa seleccionada serán, as establecidas no Decreto 130/2016, do 15 de setembro (DOG 03.10.2016):

- a) Atención psicolóxica.
- b) Realización de valoracións e orientacións psicolóxicas, así como a emisión dos informes que se consideren pertinentes.
- c) Intervención individual.
- d) Realización de informes psicolóxicos naqueles supostos en que sexan solicitados por organismos públicos.
- e) Realización de prácticas de grupo e talleres de autoestima.
- f) Participación nas actividades do CIM.
- g) Colaboración na elaboración de memorias e documentos.
- h) Calquera outra función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerce a dirección do CIM

### 3.- RETRIBUCIÓN.

Ao persoal temporal corresponderanlle as retribucións do posto de traballo para o que se contrata, de conformidade con anexo de persoal incorporado ó Orzamento Municipal.

### 4.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para participar nesta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:



a) **Nacionalidade**: : Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

b) **Idade**: Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) **Titulación**: Grao, ou titulación equivalente, en Psicoloxía.

A titulación deberase estar en condición de obtela na data de terminación do prazo de presentación de instancias. Enténdese que se está en condicións de obtención do título, no caso dos académicos, cando se acredite que se abonaron os dereitos para a súa expedición.

As titulacións obtidas no estranxeiro deberán xustificarse coa documentación que acredite a súa homologación polo Ministerio competente na materia. As equivalencias deberán acreditarse mediante certificado da Administración competente.

d) Acerditar **Formación en igualdade de oportunidades**: Contar con formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero. A formación acreditarase mediante a xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades ou en materia de violencia de xénero, segundo recolle o decreto 130/2016, do 15 de setembro, de regulamento dos CIM, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Esta formación é un requisito que deben posuír as persoas candidatas para poder presentarse neste procedemento de selección. Esta formación non será obxecto de valoración na fase de concurso.

e) **Capacidade funcional**: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.



No caso de que se teña condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os/as aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para a realización das probas, xa sexa de tempo ou de medios.

f) **Habilitación:** Non ter sido separado ou separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou inhabilitada nin en situación equivalente, nin ter sido sometido ou sometida a situación disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

g) **Incompatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

i) **Acreditar o ingreso** da cantidade fixada como dereitos de exame xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

J) **Acreditación de estar en posesión do CELGA 4** ou ter superado o curso de perfeccionamento en lingua galega ou nivel equivalente.

Todos os requisitos deberán estar en posesión do solicitante o día que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse os mesmos durante o proceso selectivo, de acordo co previsto no artigo 18.2 do R.D. 364/1995, do 10 de marzo.

## 5.-PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1. As instancias solicitando formar parte do proceso selectivo presentaranse no modelo oficial facilitado polo Concello de Muíños ( anexo II), e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>] ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **cinco días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da da Provincia (BOP).



De non presentarse as solicitudes no Rexistro Xeral, e co fin de axilizar os trámites, é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por correo electrónico (concello.muinos@eidolocal.es), a comunicación da presentación da solicitude por algún dos medios previstos no referido artigo 16 da Lei 39/2015.

O horario de presentación de documentación no rexistro do Concello será de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

As bases íntegras publicaranse na sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>], no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello (concellomuinos.com).

2. O modelo de solicitude figura como Anexo II das presentes bases. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia cotexada do DNI ou documento equivalente para xustificar a personalidade.
- b) Fotocopia cotexada do título esixido ou resguardo de ter abonado os dereitos para a súa expedición (artigo 4º).
- c) Acreditación das 200 horas de formación en igualdade (artigo 4º).
- d) Acreditación do coñecemento da lingua galega (Celga 4) (artigo 4º).
- e) Declaración xurada, cuxo modelo figura como Anexo III das presentes bases.
- f) Xustificante de pago de taxa por dereitos de exame para a participación en probas selectivas ao emprego público municipal (Ordenanza fiscal publicada no BOP nº197 do 28/08/2014), de acordo co seguinte detalle:

-“Tarifa sexta-persoal laboral temporal e funcionarios interinos :10,00 €”.

O pago da taxa realizarase mediante o ingreso na conta bancaria de titularidade municipal seguinte:

ES13 2080 0442 1131 1000 0025.

En ningún caso, a mera presentación da acreditación do pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude de participación en tempo e forma.

A falta de pago da taxa no prazo sinalado anteriormente (artigo 4º), determinará a exclusión do/a aspirante ás probas selectivas.

Non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ó/a interesado/a.

g) Documentación acreditada dos méritos alegados para a convocatoria, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.



## 6.-ADMISIÓN DOS/DAS ASPIRANTES

Logo de rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía, como responsable de persoal, ditará unha resolución na que se aprobará a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, que será exposta no taboleiro de anuncios, na páxina web e sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>]. Os/as aspirantes excluídos/as e/ou omitidos/as disporán dun prazo de **2 días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución, para enmendar o defecto que motivase a exclusión, en todo caso por escrito, constando a descrición precisa da reclamación e achegando a documentación en que se fundamente.

As reclamacións deberán ser rexistradas e presentadas de idéntica forma que as solicitudes.

Non caben reclamacións para a falta de documentación non achegada no seu momento.

Rematado o prazo de reclamación e/ou de emenda de erros, o Sr. alcalde ditará unha resolución aprobando a listaxe de admitidos e excluídos definitiva, fixando a data da celebración da proba selectiva e da proba de galego, de ser o caso, que se publicará no Taboleiro de Anuncios, na páxina web do concello e na sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>]

No caso de que por circunstancias excepcionais houbera que modificar lugar, data ou hora das probas selectivas, publicarase no Taboleiro de Anuncios, na páxina web do concello e na sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>].

No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos/as (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.



## 7.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. Para a aplicación, selección e interpretación das presentes Bases, constitúense o seguintes Tribunal Cualificador:

Tribunal titular:

Presidente :

D. Manuel Valentín Perez Nieto, Adxunto ao xefe do servizo de recursos humanos e formación da Excm. Deputación Provincial de Ourense.

Secretario/a :

D<sup>a</sup> Maria Elena Dominguez Gomez, funcionaria do Concello de Muíños.

Vogais:

D<sup>a</sup> Marta Pérez Pérez, Funcionaria Técnica superior de desenvolvemento local de Deputación de Ourense.

D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup> Antúnez Pérez, Tecnica en Asistencia Xurídica, Administrativa e de Urbanismo do Concello de Muíños.

D. José Luis Saburido Novoa, Director-Psicólogo do Centro de Información á Muller do Concello de Xinzo de Limia.

Tribunal suplente:

Presidente :

D. Esteban Fernández Alvarez, Xefe da sección de xestión e selección de persoal da Excm. Deputación Provincial de Ourense.

Secretario/a:.

D<sup>a</sup> Carmen Garcia Pérez, Secretaria Interventora do concello de Sarreaus

Vogais:

D<sup>o</sup> Marina Sara González Soto, Asesora Xurídica de Asuntos de Urbanismo e demais Servizos Municipais do Concello de Pereiro de Aguiar.

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Colmenero Veloso, Secretaria-Interventora do Concello de San Cibrán das Viñas.

D. Gonzalo Opazo Marra, Psicólogo de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Xinzo de Limia.



O Tribunal Cualificador de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do/a secretario/a, titular ou suplente.

O réxime xurídico aplicable aos Tribunais de selección será o que se establece para os órganos colexiados na sección 3ª, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectuese o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

## 8.-PROCESO SELECTIVO

Efectuarase polo procedemento de concurso-oposición que se detalla a continuación:

### FASE DE CONCURSO.- 8 puntos (40%)

Esta fase será previa á da oposición e non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a proba da fase de oposición. Nesta fase estimaranse os seguintes extremos que deberán ser xustificados previamente polos aspirantes mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas que deberán acompañar á instancia para participar no proceso selectivo. A puntuación obtida nesta fase ponderará o 40% na nota final dos e das aspirantes, nun cómputo total de **8 puntos. (40% de 20 puntos)**.

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:



**A) EXPERIENCIA PROFESIONAL:** ata un máximo de 4 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.
2. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.
3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas.

A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

Tampouco se terán en conta servizos prestados mediante a celebración de contratos administrativos de servizos.

**B) FORMACIÓN:** Valorarase a formación nas materias propias do posto: ata un máximo de 2 puntos.

- |    |                                 |                   |
|----|---------------------------------|-------------------|
| 1. | Cursos de máis de 100 horas:    | 0,50 puntos/curso |
| 2. | Cursos de entre 60 e 100 horas: | 0,20 puntos/curso |
| 3. | Cursos de menos de 60 horas:    | 0,10 puntos/curso |

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Neste apartado non se valorarán:

- ✓ Cursos de idiomas ou de informática.
- ✓ Cursos formativos promovidos por asociacións de psicoterapia, nin empresas privadas.
- ✓ A asistencia a Congresos, seminarios, simposios, xornadas e similares.



Os cursos deberán ser organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública.

**C) FORMACIÓN EN MÁSTER OU POSTGRADO: ata un máximo de 1 punto.**

Valorarase unicamente a formación en máster ou postgrado relacionado co contido e funcións propias do posto de traballo:

- Máster ou postgrado cun mínimo de 600 horas: 1 punto

**D) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA: ata un máximo de 1 punto.**

Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computarase unicamente o grao superior ó esixido:

- CELGA 5: 1 punto
- Linguaxe administrativa nivel medio: 0,5 puntos
- Linguaxe administrativa nivel superior: 1 punto

So se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades..

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

Non serán tidos en conta os méritos que non estean acreditados documentalmente, conforme ao regulado nestas bases.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións das fases de oposición e de concurso.

**FASE DE OPOSICION.- 12 puntos (60%)**

A fase de oposición terá carácter eliminatorio.

Consistirá na valoración do coñecemento da lexislación actual en materia de violencia de xénero e de protección ás vítimas, coñecemento dos recursos existentes, capacidade de resolución con perspectiva de xénero, a empatía e a capacidade de traballar en equipo.



### PROBA DE COÑECEMENTOS.

Estará integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en: Contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 30 preguntas ( e 3 de reserva), con respostas alternativas que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario que se acompaña.

O tempo máximo para este exercicio determinarao o Tribunal Cualificador.

Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de **12 puntos** - 0,40 puntos/resposta correcta, sendo necesario obter un mínimo de 6 puntos para aprobar.

As respostas non contestadas non terán valoración.

As respostas erróneas non penalizan.

### **REQUISITOS LINGÜÍSTICOS.**

O artigo 35 da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."

O artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón igualmente a realización dun exame de galego, para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia.

En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio cualificarase de apto/non apto e terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Estarán **exentos** da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o **Celga 4**.

### **9.-VALORACIÓN DE MÉRITOS, CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN**

**Cualificación da primeira fase (concurso):** Nesta fase sumarase a baremación da experiencia profesional e dos méritos alegados polas persoas que figuren incluídas no



proceso segundo consta no artigo anterior. Representará un cómputo da puntuación total final do 40%.

**Cualificación da segunda fase (oposición):** O exercicio da segunda fase é obrigatorio e ten carácter eliminatorio para a totalidade das e dos aspirantes e representará no cómputo final o 60% da puntuación total.

No caso dos e das aspirantes que superen a fase de oposición a determinación da cualificación adoptarase sumando as puntuacións outorgadas na fase de concurso e na fase de oposición.

**Cualificación definitiva:** A cualificación definitiva será a adición das puntuacións obtidas na fase de concurso polos e polas aspirantes que aprobasen a fase de oposición. Deste xeito quedará determinada a orde de clasificación definitiva.

En caso de empate, o Tribunal seleccionará ao ou á aspirante que obtivera maior puntuación no proceso de oposición, e despois dentro da fase de concurso:

1º Maior puntuación por experiencia na mesma categoría á que se opta na administración pública, e se isto non fora suficiente.

2º Maior puntuación por experiencia na mesma categoría á que se opta na empresa privada. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados/as.

Unha vez concluído o proceso de selección, o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios , na Páxina Web do Concello e na sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>] a relación de candidatos/as, pola orde de puntuación acadada, con indicación da cualificación obtida, elevando ao Alcalde proposta da persoa seleccionada para a súa contratación a aquela que obtivese unha maior puntuación total.

O alcalde ditará resolución, aprobando a lista definitiva de aspirantes que integra a bolsa de emprego e en réxime de persoal laboral, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación temporal.

A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios , na Páxina Web do Concello e na sede electrónica deste Concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>] .



## 11º.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Rematado o proceso de selección e á vista da proposta que formule o tribunal cualificador, o Alcalde no exercicio das competencias que lle corresponden en materia de persoal, subscribirá o correspondente contrato laboral coa persoa que o tribunal indique que superou o proceso de selección, que pasará a ter condición de persoal laboral deste concello.

A modalidade contractual será a dun **contrato laboral de duración determinada de substitución para a cobertura dun posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo** que regula o artigo 15.3 parágrafo 3 do Estatuto dos traballadores, aprobado por RD-lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, modificado polo RD-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado e a tempo completo, regulado polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, co período de proba legalmente establecido.

O contrato de traballo formalizarase co/a aspirante seleccionado/a, o/a cal deberá presentar a seguinte documentación:

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado do número de conta bancaria (IBAN)

Para adquirir a condición de persoal laboral temporal, o/a aspirante seleccionado/a deberá superar satisfactoriamente o período de proba, de conformidade co establecido no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

## 12.-LISTAXE DE RESERVA

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas que superaron o dito proceso por orde de puntuación.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado, non superación do período de proba, circunstancias da produción, substitución da persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo e outras situacións análogas que se poidan producir (baixas,



etc).

A non presentación no posto de traballo o día e hora indicadas para o comezo da relación laboral, entenderase como renuncia ao posto de traballo, agás por causas debidamente xustificadas. Neste caso acudiríase tamén á lista antes mencionada.

### **13º.- LEXISLACIÓN.**

No non previsto nestas bases, será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada
- Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo
- Orde APU/1461/2002, do 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común de las Administracións Públicas



- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público
- DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento (DOG núm. 188 do luns 3 de outubro de 2016)
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais
- Real Decreto - lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo
- ORDE do 3 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

### 13.- PROTECCIÓN DE DATOS

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD.

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo Concello de Muíños, con sede na Praza San Rosendo, nº1, 32880, Muíños (Ourense), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.



#### **14º.- CARÁCTER VINCULANTES DAS BASES.**

As presentes Bases desta convocatoria vinculan ó Concello, ós tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

#### **15º.- INCIDENCIAS.**

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

#### **16º.- DISPOSICIÓN FINAL E RECURSOS.**

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios , na Páxina Web do Concello e na sede electrónica deste Concello[<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>] .

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O que se fai público para xeneral coñecemento. Muíños, na data da sinatura electronica

O Alcalde.-Plácido Alvarez Dobaño.



## ANEXO I- TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978
2. Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia
3. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais
4. A Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica
5. Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno
6. A Lei 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
7. Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
8. Lei 7/2023 de 30 de novembro, para a igualdade efectiva entre homes e mulleres de Galicia.
9. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
10. Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero
11. A lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia
12. Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada
13. Instrumento de ratificación do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio de 2011
14. Decreto 157/2012, do 5 de xullo , polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación
15. Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero
16. Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
17. Resolución do 9 de xuño de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade do 21 de xullo de 2014, polo que se aproba o protocolo de derivación entre centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.



18. Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia
19. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común de las Administracions Públicas
20. A Lei 12/2016, do 22 de Xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de Xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
21. DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento (DOG núm. 188 do luns 3 de outubro de 2016)
22. Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de Agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do pacto de estado contra a violencia de xénero
23. Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de Marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación
24. Servizo telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia de xénero, (ATENPRO)
25. Programa Abrámolo Círculo (COP Galicia)
26. Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero (COP Galicia)
27. Mediación intraxudicial (COP Galicia)
28. Quenda de Garda Psicolóxica VX (COP Galicia)
29. Protocolo de colaboración entre a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)



**ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA.**

**DATOS DO SOLICITANTE.**

<b>NOME E APELIDOS:</b>			
<b>NIF / NIE Nº.:</b>		<b>NACIONALIDADE:</b>	
<b>DOMICILIO NOTIFICACIÓNS:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>CÓDIGO POSTAL:</b>	
<b>PROVINCIA:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>TELÉFONO MÓVIL:</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO:</b>			

**EXPÓN:** Que informado da convocatoria de proceso selectivo efectuada polo Concello de Muíños para a contratación temporal dun/dunha psicólogo/a para o CIM, conforme aos supostos previstos no artigo 15.1 do vixente Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de aplicación.

**SOLICITA:** Que sexa admitido/a a tomar parte no procedemento, comprometéndose a someterse ás bases que o regulan.

**POSTO SOLICITADO:**

- Psicólogo/a para o CIM

**AUTORIZA:** Ao Concello de Muíños para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS MÉRITOS A VALORAR:**

- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do título de galego
- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.



- Copia cotexada da acreditación das 200 horas de formación en igualdade de oportunidades.
- Declaración responsable.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- Xustificante pago taxa.

**LUGAR, DATA E FIRMA.**

En Muíños, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025.

Asdo.: \_\_\_\_\_



De acordo co preceptuado no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, O Concello de Muiños realizará a publicación dos datos persoais dos candidatos e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios, na sede electrónica do Concello de Muiños e na Páxina Web do Concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

#### PROTECCIÓN DE DATOS:

En cumprimento da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoales e garantía dos dereitos dixitais, se lle informa que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro, titularidade do Concello de Muiños, coa finalidade de xestionar todo o relacionado co expediente tramitado.

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Concello de Muiños e incorporados á actividade de tratamento “Provisión de postos de traballo”, coa finalidade de selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolver a convocatoria na que participa. A lexitimidade do tratamento baséase no consentimento do interesado no cumprimento de obrigacións legais polo Concello de Muiños. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados a outras administracións ou rexistros públicos, e publicados no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello e na sede electrónica do Concello de Muiños. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir con a finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de los datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de Muiños, Praza San Rosendo, nº 1, 32880 Muiños (Ourense) ou na dirección de correo electrónico [concellomuiños.com](mailto:concellomuiños.com), así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUIÑOS.**



### ANEXO III.- DECLARACIÓN XURADA.

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_,  
con DNI núm. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificación en  
\_\_\_\_\_

#### DECLARA

baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido no proceso selectivo para contratación de un/unha Psicólogo/a para o CIM :

- non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas,
- non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e
- non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
- no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

En Muíños, a .... de .....de 2025.

O/A solicitante,

Asdo: \_\_\_\_\_.

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MUIÑOS**

